



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

O Porriño

Pedro Pereira Fernández, Míriam Martínez Troncoso e Marcelo Rodríguez Acosta en calidade de concelleiras electas do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do art.75 da Lei de Administración Local de Galiza, comparecen e din:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa Madera Fiber Technologies (ex Faurecia Interior Systems) en xullo de 2021 comunica ao Comité de Empresa a venda da unidade produtiva do Porriño a un fondo voitre alemán (Grupo Callista Private Equity). Desde xaneiro do 2022 pasan a ser propietarios da filial de Faurecia no Porriño materializándose esa venda por 1€.

Das promesas iniciais dun plan industrial para darlle viabilidade á planta, foise descapitalizando por exemplo vendendo terreos a prezo moi inferior ao valor do mercado. Finalmente os directivos nomeados polo fondo voitre abandonan o proxecto cedendo os activos en febreiro de 2023 a unha empresa rumana que claramente non ten interese en xestionar a actividade ou investir nela.

O pasado xoves 14 de setembro anunciouse a presentación dun concurso de acredores e o Comité de Empresa pon en coñecemento da Inspección a cesión ilegal dos seus postos de traballo, sinalando que Faurecia segue a ser o seu cliente principal e por tanto eses 103 postos de traballo cedidos ao fondo voitre fíxose de forma fraudulenta, feito constatado pola Inspección que da trasladado ao Xulgado do Social nº7 de Vigo.

O Comité de Empresa solicita a implicación das distintas administracións públicas para tentar darlle viabilidade a empresa e manter os seus postos de traballo.

É POLO QUE O GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOLICITA AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO PORRIÑO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

- 1. Amosar o noso respaldo as reivindicacións laborais dos traballadores e traballadoras e o apoio ás familias afectadas pola inxusta situación, en especial as veciñas do Porriño.**
- 2. Instar á Xunta de Galiza, Consellería de Economía e Industria da Xunta e tódalas administracións que poidan mediar neste asunto a buscar unha solución que pase por manter eses 103 postos de traballo.**
- 3. Buscar inversores para que intercedan e darlle viabilidade á unidade produtiva do Porriño.**

O Porriño, a 25 de setembro de 2023
Míriam Martínez Troncoso
Concelleira do BNG do Porriño

A/ ALCALDE DO CONCELLO DO PORRIÑO